



VAR-2/2016

Expediente: 430/2016/95

ACTA REUNIÓN MEMBROS XURADO DO CONCURSO DE PROXECTOS REHABILITACIÓN DA PRAZA E O MERCADO DE MONTE ALTO

Ás 10:30 horas do día 17 de febreiro do 2017, reúnen-se, no Pazo de Exposicións Kiosco Alfonso, sito nos Xardíns de Méndez Núñez nº 3, os membros do Xurado que se dirán, ao fin de levar a cabo a **2ª reunión do xurado para a clasificación de proxectos para a rehabilitación da praza e o mercado de Monte Alto (1ª fase, 2ª reunión da 1ª rolda e 2ª rolda se procede)**:

Presidente: O Concelleiro de Rexeneración Urbana e Dereito á Vivenda do Concello da Coruña, **Xiao Varela Gómez**.

Vogais:

- En representación do Colexio de Arquitectos de Galicia, **Cristóbal Crespo González**.
- Director de Área de Rexeneración Urbana, actualmente de Espazos Públicos e Mobilidade, **Jorge Juan Cao Abad**.
- Xefe de Servizo de Edificación, **Alberto Manuel Vázquez Aguilar**.
- Arquitecta a proposta dos concursantes: **Dª. Guadalupe Piñera Manso**
- Arquitecto a proposta dos concursantes: **D. Carlos Quintáns Eiras**.

Marta María García Pérez, Directora da Asesoría Xurídica e Ángel David Murado Codesal, interventor xeral, manifestan ante a secretaría do xurado que, tendo en conta o carácter eminentemente técnico da reunión, a súa intervención reducirase á non influír na decisión final dos membros do xurado cuxa pericia técnica permítelles valorar axeitadamente ás propostas, polo que emiten o seu voto a favor das cinco propostas que obteñan máis apoios dos membros técnicos, de tal xeito que os seus votos non alteren o resultado.

Secretario: Miguel Iglesias Martínez, Oficial Maior, por delegación do Secretario Xeral do Pleno.

Consonte coa base 10.5 das bases que rexen o concurso, o Presidente do Xurado, o 28 decembro de 2016 ditou Resolución na que constan as proposicións admitidas e excluídas e que foi publicada no perfil do contratante.

O pasado 3 de xaneiro de 2017 reuníronse os vogais designados do xurado para apertura dos

sobres dos que resultou a **designación de vogais do xurado a proposta dos concursantes.**

O 3 de febreiro do 2017, reuníronse os membros do Xurado do concurso de ideas ao fin de constituír formalmente o xurado do concurso de ideas con intervención de xurado para rehabilitación da praza e o mercado de Monte, estudo da alegación presentada pola Proposición nº 63, excluída por Resolución do Presidente do Xurado do 28 de decembro de 2016 e 1ª reunión do xurado para a clasificación de proxectos para a rehabilitación da praza e o mercado de Monte Alto (1ª rolda).

Trala apertura de todos os paneis, polo secretario do xurado se procedeu a recopilar os CD-ROM que remitiu ao servizo de urbanismo para a súa dixitalización e remisión aos membros do xurado para un detido estudo dos mesmos se o precisaran (remitidos o 6 de febreiro), tralo que os CD-ROM, unha vez devoltos ao secretario do xurado quedaron baixo a custodia do servizo de contratación en sobre pechado.

Dado o volume das propostas, os membros do xurado decidiron darse entre unha e dúas semanas para o estudo das proposición antes de proceder en nova reunión a descartar aqueles traballos que non obteñan o apoio de ningún dos membros do xurado (primeira rolda da primeira fase prevista na base 13.2 das bases que rexen o concurso).

A presente reunión convocouse cos seguintes puntos na orde do día:

1ª.- 2ª reunión do xurado para a clasificación de proxectos para a rehabilitación da praza e o mercado de Monte Alto (1ª fase, 2ª reunión da 1ª rolda e 2ª rolda se procede).

Os membros técnicos do xurado proceden de conformidade coa base 13.2 das bases que rexen o concurso a unha primeira rolda na que se descartan os traballos que non obteñan ningún apoio dos membros do xurado, **quedando excluídas as seguintes propostas que non recibiron ningún apoio:**

Proposición/Lema
Proposición nº 2. Lema: "Piensa diferente"
Proposición nº 3. Lema: "Nonvoa"
Proposición nº 5. Lema: "Una plaza que dialoga con el barrio"
Proposición nº 7. Lema: "Una buena oportunidad para Monte Alto"
Proposición nº 9. Lema: "NPPP"
Proposición nº 13. Lema: "Trem"
Proposición nº 18. Lema: "Ola-15002"
Proposición nº 21. Lema: "Illa verde"
Proposición nº 23. Lema: "huM.A.niza"

Proposición nº 24. Lema: "Plaza+5".
Proposición nº 25. Lema: "Raizame"
Proposición nº 26. Lema: "HM2016"
Proposición nº 28. Lema: "Saledizo"
Proposición nº 29. Lema: "Cuyp"
Proposición nº 31. Lema: "Conecta Monte Alto"
Proposición nº 34. Lema: "Urbano Lugrís"
Proposición nº 38. Lema: "A chaira"
Proposición nº 39. Lema: "Infont"
Proposición nº 44. Lema: "No más hormigón aquí"
Proposición nº 46. Lema: "Mercator"
Proposición nº 49. Lema: "Visibilizar los usos"
Proposición nº 50. Lema: "Agora si"
Proposición nº 51. Lema: "176m"
Proposición nº 54. Lema: "Cinco"
Proposición nº 55. Lema: "Calle"
Proposición nº 57. Lema: "Elevado ao cubo"
Proposición nº 62. Lema: "Connect"
Proposición nº 63. Lema: "O lapis de..."
Proposición nº 65. Lema: "Polo, repolo e peixe lúa"
Proposición nº 66. Lema: "Reusa, crea, reusa"
Proposición nº 70. Lema: "Hefted"
Proposición nº 71. Lema: "270305FM"
Proposición nº 72. Lema: "Agora 2"

A continuación, os membros técnicos do xurado proceden de conformidade coa mesma base 13.2 a unha segunda rolda na que cada un dos membros selecciona un máximo de cinco traballos, retirando o vogal Alberto Manuel Vázquez Aguilar unha proposta que só recibiu o seu apoio, resultando os seguintes:

Proposición/Lema	Apoios
Proposición nº 4. Lema: "Estructura 7.50"	1
Proposición nº 6. Lema: "Aire"	1
Proposición nº 10. Lema: "¿Qué es un mercado?"	3
Proposición nº 12. Lema: "Tres plazas"	3
Proposición nº 16. Lema: "Asomar"	1
Proposición nº 17. Lema: "Incisiones"	1
Proposición nº 27. Lema: "Höhe"	2
Proposición nº 35. Lema: "Orzanas"	3
Proposición nº 36. Lema: "Tajartejer"	1
Proposición nº 37. Lema: "Rueiros perdidos"	1
Proposición nº 40. Lema: "Atlas"	2
Proposición nº 41. Lema: "News for nowhere"	1
Proposición nº 48. wA	1

Proposición nº 52. Lema: "Troco"	2
Proposición nº 53. Lema: "Capilar#15002"	1
Proposición nº 58. Lema: "A praza do mercado"	1
Proposición nº 64. Lema: "Que nolo quitan das mans"	1
Proposición nº 68. Lema: "Mmma67"	3

Neste momento os membros do xurado proceden á explicar os motivos polos que defenderon cada unha das propostas e a analízalas detidamente.

Proceden tralo análise, de conformidade coa mesma base 13.2, á terceira e última rolda na que **deben resultar cinco propostas para pasar á segunda fase do concurso, procedendo á votación co seguintes resultado:**

Proposición/Lema	Apoios
Proposición nº 4. Lema: "Estructura 7.50"	1
Proposición nº 6. Lema: "Aire"	0
Proposición nº 10. Lema: "¿Qué es un mercado?"	3
Proposición nº 12. Lema: "Tres plazas"	4
Proposición nº 16. Lema: "Asomar"	2
Proposición nº 17. Lema: "Incisiones"	0
Proposición nº 27. Lema: "Höhe"	3
Proposición nº 35. Lema: "Orzanas"	2
Proposición nº 36. Lema: "Tajartejer"	1
Proposición nº 37. Lema: "Rueiros perdidos"	0
Proposición nº 40. Lema: "Atlas"	2
Proposición nº 41. Lema: "News for nowhere"	0
Proposición nº 48. wA	1
Proposición nº 52. Lema: "Troco"	4
Proposición nº 53. Lema: "Capilar#15002"	1
Proposición nº 58. Lema: "A praza do mercado"	1
Proposición nº 64. Lema: "Que nolo quitan das mans"	2
Proposición nº 68. Lema: "Mmma67"	3



Polo tanto, **pasan a segunda fase, por ser as cinco propostas que tiveron maior número de votos,** as seguintes:

Proposición/Lema	Apoios
Proposición nº 10. Lema: "¿Qué es un mercado?"	3
Proposición nº 12. Lema: "Tres plazas"	4
Proposición nº 27. Lema: "Höhe"	3
Proposición nº 52. Lema: "Troco"	4

Proposición nº 68. Lema: "Mmma67"

3

A base 10.6 do prego que regula o concurso establece que o fallo do xurado coa selección das 5 propostas que concorren á segunda fase do concurso debe conter ademais as consideracións sobre aqueles aspectos de cada unha das propostas que o xurado considere de maior interese e as que, polo contrario, deban ser obxecto de maior análise para a súa reformulación no sobre C.

Estas consideracións, que deberán formularse en relación aos criterios de intervención formulados na base 7 do prego, requiren dun proceso de redacción que acometerá a propia Área de Rexeneración Urbana e Dereito á Vivenda co fin de evitar unha excesiva demora na súa publicación e para elo:

1. Cada membro do xurado elaborará e remitirá as consideracións que estime oportunas sobre cada unha das cinco propostas.
2. Na Área de Rexeneración Urbana e Dereito á Vivenda elaborarán unha redacción provisional das consideracións sobre cada unha das 5 propostas, a partir das formuladas por cada membro.
3. O borrador das consideracións remitirase a cada membro do xurado, para a súa conformidade.
4. Redacción definitiva do fallo do xurado que se incorporará como anexo á presente acta e se publicará no perfil do contratante, momento no que comezará a computar o prazo de 30 días naturais para a presentación do sobre C, sen prexuízo de que a publicación indicará a data na que expira este segundo prazo, tal e como sinala a cláusula 10.2 do prego.

Sen máis asuntos que tratar, sendo as 13:40 horas, levántase a reunión estendendo a presente acta para a súa constancia, que asinan xunto a min, secretario do xurado, o Presidente do xurado, segundo o previsto no artigo 87.3 do Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro.

Xiao Varela Gómez

Presidente

Miguel Iglesias Martínez

O secretario do xurado